



FICHA RESUME

PE 410A 2008/ 9 -5

Ano	2009
Entidade	CONFRARIA DE PESCADORES DE CAMBADOS
Plan explotación ⁽¹⁾	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE POLIQUETOS
Réxime ⁽²⁾	ZONA DE LIBRE MARISQUEO
Modalidade ⁽³⁾	A PÉ

Especies	<i>Diopatra neapolitana, Arenicola marina</i>
Ambito do plan	O Sarrido (Varal, Bebederos, Medio), Tragove e Saco de Fefiñáns
Subzonas de explotación	

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
20		
Ampliación do número de permex ⁽⁴⁾		Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción	160											
Época y zona probable de extracción ⁽⁵⁾	de 16 de marzo a 30 de outubro.											
Modalidade ⁽³⁾	A PÉ											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
		X	X	X	X	X	X	X	X			

Especies	A pé (exemplares/mariscadora/día)
<i>Arenicola marina</i>	400 (*)
<i>Diopatra neapolitana</i>	100 (*)

Artes a empregar	Sacho, pá e forquita.
------------------	-----------------------

Puntos de control	Galpón da rúa de Montesaco en Santo Tomé e lonxa de Tragove
Puntos de venda	Centro de venda autorizado

<p>Outras consideracións⁽⁹⁾</p> <p>En relación coas especies, e de acordo co informe técnico, exclúese <i>Hediste diversicolor</i> por non prever a súa explotación nos obxectivos de produción e económicos, así como por non acreditarse vendas en anos anteriores.</p> <p>Coas solicitudes de apertura mensuais deberán remitir os seguintes datos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Relación das 15 mariscadoras que pretenden desenvolver á actividade. - Datos de extracción do mes anterior indicando as recolectoras, zona de traballo e nº de individuos/sp capturados.
--



Deben presentar certificación ou copia da acta do acordo tomado pola xunta directiva da agrupación ou polas mariscadoras integradas no plan, en relación co sistema de explotación de poliquetos por quendas e por especie.

Con respecto ao método de captura, de acordo co artigo 2º da Orde de 6 de febreiro de 2008, na modalidade de a pé só pode utilizarse sacho, pá ou forquita.

Se se levantan ou removen substrato ou pedras, deberán volverse a colocar na posición orixinal para evitarlles danos aos organismos epibiontes.

De acordo co establecido no artigo 7º da Orde de 6 de febreiro de 2008, pola que se regula a extracción de poliquetos, vermes mariños para cebo, no litoral de Galicia, fíxase unha veda para a extracción de poliquetos do 1 de novembro ao 15 de marzo, salvo que a Dirección Xeral de Recursos Mariños modifique dito prazo. Por outra banda, a extracción de poliquetos poderá realizarse tódolos días laborables, agás os sábados e en horario comprendido entre dúas horas antes e dúas horas despois da baixamar diúrna, sen que en ningún caso poidan superarse as 17 horas.

En relación coa zona de traballo, deberanse respetar as limitacións que se poidan establecer no informe que emita a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible sobre a autorización previa para desenvolver o plan de explotación para o 2009 no banco de O Sarrido integrado na zona de especial protección dos valores naturais Complexo Ons - O Grove.

De acordo cos informes técnicos, efectúanse as seguinte recomendacións para a mellora do plan:

- Planificar a explotación mediante un sistema de rotación por sectores.
- Especificar a organización do punto de control.
- Elaborar un plan financeiro.

(*) INFORME DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E D.SOSTIBLE: Informa desfavorablemente a explotación na subzona de Arfolín e favorablemente o desenvolvemento de dito plan no resto das zonas baixo as seguintes condicións:

- En tanto non se presente o estudo de repercusións ambientais que condicionaba a autorización para o desenvolvemento do plan de explotación do 2009, as cantidades extraídas por mariscadora/día quedarán reducidas a 400 individuos para a especie *Arenicola marina*, 400 individuos para a especie *Hediste diversicolor* e a 100 individuos para a especie *Diopatra naeopolitana*
- No caso de que se levanten ou removan pedras ou substrato, deberán volverse a colocar na posición orixinal